

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN ARELA PARA A DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DA MEDIDA XUDICIAL DE CONVIVENCIA CON PERSOA OU FAMILIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude , DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude formaliza coa Asociación Arela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023 , sen prexuízo de que comprender os gastos das actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Arela para o financiamento dunha actividade de difusión e publicidade dun programa a través do cal se leva a cabo a execución da medida xudicial de convivencia con persoa ou familia na provincia de Pontevedra.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro. O artigo 45.1 da lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM), atribúelles ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes para o que levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

Segundo. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, segundo o artigo 14 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e tutela dos/as menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Terceiro. O artigo 7.1.j) da Lei orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro. regula dentro das medidas susceptibles de ser impostas aos menores, a de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta a súa ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionados para orientala no seu proceso de socialización.

Cuarto. A imposición desta medida resulta efectiva, tanto na súa dimensión cautelar como propiamente sancionadora-educativa, nos supostos en que é necesario extraer á persoa



menor do domicilio, cando non proceda o seu ingreso en réxime de internamento. Persegue a resocialización íntegra do/a menor a través da aprendizaxe, mediante a súa integración nun núcleo familiar que se considera máis axeitado para o seu desenvolvemento persoal.

Na actualidade esta medida impónse na maioría dos casos no suposto de delitos de malos tratos cometidos contra os seus ascendentes. O seu obxectivo é o retorno da persoa menor axuizada por maltrato ao núcleo familiar contra cuxos membros delinquiru, unha vez superados e corrixidos os patróns desviados da conduta. O exame do número de medidas desta natureza impostas dende a entrada en vigor da LORPM amosa que é o Xulgado de menores de Pontevedra o que máis impuxo esta medida.

Quinto. De acordo co establecido no artigo 19 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, para a execución da medida a entidade pública seleccionará á persoa, familia ou grupo educativo que considere máis idóneo, entre os que se ofrezan e acepten voluntariamente a convivencia.

Sexto. A asociación ARELA, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E4168, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade en Galicia en situación de desprotección e/ou conflito social, fomentando iniciativas de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

Esta entidade colabora con esta Consellería de Política Social e Xuventude na execución das medidas non privativas de liberdade, levando a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto na provincia de Pontevedra o que implica un coñecemento directo do perfil das características dos menores e facilita a selección da persoa ou familia máis axeitada para colaborar na execución da dita medida.

Así mesmo, asinou no ano 2018 un convenio coa Consellería de Política Social e Xuventude co fin de desenvolver na provincia de Pontevedra un programa destinado á captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir coa medida de convivencia na súa vertente de persoa ou familia, configurando unha rede de contactos e relacións que permitiu a súa difusión e o cumprimento do obxectivo do programa: conseguir contar cun banco de persoas ou familias que convivan cos menores proporcionándolle un ambiente familiar favorecedor que posibilite o seu correcto desenvolvemento social e persoal.

Sétimo. A Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Arela teñen como obxectivo común procurar a reinserción e reeducación das persoas menores, para o que consideran necesario acudir a unha fórmula colaborativa co obxectivo de dar publicidade e difusión ao programa desenvolto pola dita asociación do convenio e facilitar a información axeitada a persoas ou familias en disposición de proporcionar ao menor un ambiente de socialización positivo, mediante a súa convivencia, durante o tempo determinado polo xuíz, cunha persoa ou familia distinta á súa que se ofrezan a cumprir a función da familia no que respecta ao desenvolvemento de pautas socioafectivas prosociais no/a menor.

Oitavo. Dado que a Entidade Pública non dispón de medios persoais que lle permitan levar a cabo un programa destinado á difusión de información a persoas ou familias que estean



interesadas en convivir con adolescentes na provincia de Pontevedra, e tendo en conta a experiencia da entidade na provincia de Pontevedra, que a configura como referente para persoas ou familias interesadas en convivir con menores nesa provincia, considérase necesario acudir a unha fórmula colaborativa para o desenvolvemento do programa.

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio.

Noveno. O artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola especificidade dos servizos que presta non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é no presente caso, pois esta entidade é a única que desenvolve o programa de convivencia con familias para a execución da medida xudicial de convivencia de persoas ou familias con menores derivados a tal fin polo xulgado de menores de Pontevedra, sendo así a entidade que dispón da experiencia e coñecementos na dita medida necesarios para levar a cabo a difusión e publicidade do programa.

O interese social do proxecto que vén levando a cabo a Asociación Arela xustifica que a axuda se tramite por medio dunha concesión directa, de conformidade co establecido no artigo 19.4 c) da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través da formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a devandita entidade para o desenvolvemento desta actividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

